



## Mesa Sectorial do 11 de marzo de 2025.

# ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓN DA CIG-ENSINO

### A CIG-Ensino denuncia a pasividade da administración no caso do acoso a unha docente do IES As Lagoas de Ourense

O caso da campaña de deslexitimación cara unha profesora deste IES ourensán, extensíbel a todo o centro e á dirección en particular é un bo exemplo de como a administración educativa mira cara outro lado cando é o profesorado o afectado. A dilixencia e as présas con que en ocasións actúa a inspección, por mandato das direccións territoriais, para abrir expedientes e interrogar docentes non se deron neste caso para frear os ataques absolutamente fóra de lugar dunha familia. **Demandamos que se tomen cartas no asunto.**

A representación da Consellaría nesta Mesa non apoia expresamente ao profesorado do centro e descarga toda a responsabilidade na Dirección Territorial e na Inspección.

### Pago de trienios, sexenios e axudas de custe de tribunais de oposicións

A Consellaría informa que na nómina de febreiro se actualizaron todos os pagos de atrasos e de trienios e sexenios.

Informan igualmente que o pago aos tribunais de oposicións comezarán esta semana.

### Pago de oficio das subas salariais e complementos tras a incorporación dunha baixa médica

Levamos **un mes e medio á espera dunha resposta** da Dirección Xeral sobre a solicitude da CIG-Ensino de que se pague de oficio, por parte da Consellaría, as contías produto das subas salariais ou perfeccionamento de complementos (trienios, sexenios, etc) durante o tempo de IT.

A Consellaría informa dunha sentenza recente do Tribunal Supremo que, en casación, determina o contrario do que fallou o TSXG, declarando axustado a dereito que non se paguen os cambios retributivos consolidados durante unha IT.

## Concentración en apoio ao IES As Lagoas

Mércores día 12 de marzo

19:00 horas

Dirección Territorial de Educación

Na rúa Concello (Ourense)

convocada pola Xunta  
de Persoal Docente de Ourense



máis información



## Que pasa cos temas comprometidos pola Consellaría e que non se presentan na Mesa?

**P**LAN DE IGUALDADE. Non existe xustificación para que **en máis de oito meses non se teña avanzado nada** no Plan de Igualdade da Consellaría de Educación. Con independencia das escusas que se poñan é un **exemplo da nula relevancia que este tema ten para a Xunta**. O prazo para negociar remata en xuño e a CIG-Ensino xa avanza que as présas de último momento non van connosco e que non daremos a nosa aprobación a un Plan descafeinado e sen traballar. A única responsabilidade, de chegarmos á situación de que o colectivo docente siga sen Plan de Igualdade ou sen Protocolo de acoso será única e exclusivamente da Consellaría de Educación.

A Consellaría limitase a comunicar que convocará reunión da comisión negociadora do Plan de Igualdade para o mércores 19.

**P**ERMISOS E LICENZAS. Anuncioise que se traería á Mesa unha nova orde de permiso e licenzas e non se fixo. En todo caso, queremos saber que novidades ten pensando incorporar a Consellaría e se, entre elas, estaría a igualación do permiso de nacemento ou adopción de ambas persoas proxenitoras a 22 semanas ou as 8 semanas retribuídas de permiso parental, nun momento no que o Goberno estatal ten pensado regular unicamente a retribución de 2 esas 8 semanas.

A Consellaría rectifica todo o que veu dicindo até agora e informa que non vai traer a modificación da orde á que se comprometeran.

**U**NIFICACIÓN DE BAREMOS PARA CONVOCATORIAS DE MÉRITOS. Hai 6 meses que se ía traer á Mesa esa normativa pola que se pretende aplicar un mesmo baremos a todas as convocatorias (CAFI, CFR, asesorías, etc) e de momento non temos nada.

A Consellaría manterá unha reunión coas organizacións sindicais o próximo luns 17.

**A**s itinerancias nas EOI. É coñecida a postura favorábel da CIG-Ensino para que se recoñeza o pago dos desprazamentos das itinerancias nas EOI. Hai meses que se quedou de tratar este tema por parte da administración e tampouco se fixo nada ao respecto. Debe ser esta Mesa Sectorial quen negocie este tema.

De novo non se dá información e se limitan a dicir que están á espera dun informe.

**L**ei de educación dixital. É absolutamente impresentábel que a Consellaría non se teña reunido coa representación legal do profesorado para presentar as liñas xerais do que pretenden facer con esa Lei. Que se manteñan reunións coa comunidade educativa (en concreto con federacións de ANPAs) parécenos moi oportuno xa que as familias están afectadas por calquera decisión que afecte á ordenación educativa mais que non se teña en conta o parecer do profesorado nesta fase inicial, cando o colectivo docente é parte central do sistema educativo é un síntoma da importancia que a Xunta lle dá ao profesorado.